



Oficina liquidadora de

SUXEITO PASIVO (2)	Espacio reservado para a etiqueta identificativa (se non dispón de dita etiqueta, consigne os seus datos neste apartado e xunte fotocopia do documento acreditativo do N.I.F. ou, no seu defecto, do D.N.I.)					Espacio reservado para a numeración por código de barras														
	NIF/DNI		Apelidos e nome ou razón social			CLAVE / CONCEPTO (3)														
TRANSMITENTE (5)	Rúa/Praza/Avda.		N.º	Esc.	Andar	Porta	DEVENGO (4)													
	Cconcello		Provincia	Código Postal	Teléfono			día	mes	ano										
DATOS DO DOCUMENTO	NIF/DNI		Apelidos e nome ou razón social			NÚMERO DE SUXEITOS PASIVOS (6):					NÚMERO DE TRANSMITENTES (7):									
	Rúa/Praza/Avda.		N.º	Esc.	Andar	Porta														
DATOS DO BEN. OPERACIÓN OU ACTO	Cconcello		Provincia	Código Postal	Teléfono															
	TIPO (8):		Identificación do notario, fedatario, autoridade xudicial ou administrativa (9):									Localidade de formalización/outorgamento (10):					N.º de protocolo (11):			
AUTOLIQUIDACIÓN	<input type="checkbox"/> Administrativo		<input type="checkbox"/> Mercantil		<input type="checkbox"/> Notarial		<input type="checkbox"/> Xudicial		<input type="checkbox"/> Privado											
	Concepto (12):		Outros datos identificativos (13):																	
PRESENTADOR DO DOCUMENTO (24)	TIPO (14):		Referencia catastral (15):			Valor catastral (16):			Superficie (17):											
	<input type="checkbox"/> URBANO		Vía pública/paraxe (18):			N.º	Esc.	Andar	Porta											
INGRESO	<input type="checkbox"/> RÚSTICO		Cconcello:		Provincia:	Código Postal:	Valor declarado (19):													
	VALOR (20):		Base imponible									1								
(21) <input type="checkbox"/> EXENTO <input type="checkbox"/> NON SUXEITO		Reducción 2 % ...									3									
FUNDAMENTO DO BENEFICIO FISCAL OU NON SUXEICIÓN (22):		Base liquidable (1-3)									4									
		Tipo									5	%								
		Cota									6									
		Bonificación na cota									8									
		A ingresar (6-8)									9									
											10									
											11									
DATOS DA PRIMEIRA LIQUIDACIÓN:		TOTAL A INGRESAR									12									
Número:		IMPORTE INGRESADO									1									
Data de presentación:																				
Importe ingresado:																				
PRESENTADOR DO DOCUMENTO (24)	NIF/DNI		Apelidos e nome			Teléfono														
	Rúa/Praza/Avda.		N.º	Esc.	Andar	Porta														
Cconcello		Provincia	Código Postal	FAX																
O suxeito pasivo ou presentador do documento declara baixo a súa responsabilidade que, xunto co documento orixinal, presenta unha copia simple que coincide en tódolos seus termos cos daquel.																				
FIRMA DO SUXEITO PASIVO OU PRESENTADOR																				
SELO: DATA: NÚMERO: IMPORTE: de 20 de 20																				

RELACIÓN DE SUXEITOS PASIVOS

1 Coef. particip.: %	NIF/DNI	Apelidos e nome			Teléfono			
	Rúa/Praza/Avda.	ETIQUETA IDENTIFICATIVA			N.º	Esc.	Andar	Porta
	Concello				Provincia	Código Postal		FAX

2 Coef. particip.: %	NIF/DNI	Apelidos e nome			Teléfono			
	Rúa/Praza/Avda.	ETIQUETA IDENTIFICATIVA			N.º	Esc.	Andar	Porta
	Concello				Provincia	Código Postal		FAX


3 Coef. particip.: %	NIF/DNI	Apelidos e nome			Teléfono			
	Rúa/Praza/Avda.	ETIQUETA IDENTIFICATIVA			N.º	Esc.	Andar	Porta
	Concello				Provincia	Código Postal		FAX

RELACIÓN DE TRANSMITENTES

1 Coef. particip.: %	NIF/DNI	Apelidos e nome			Teléfono			
	Rúa/Praza/Avda.	ETIQUETA IDENTIFICATIVA			N.º	Esc.	Andar	Porta
	Concello				Provincia	Código Postal		FAX

2 Coef. particip.: %	NIF/DNI	Apelidos e nome			Teléfono			
	Rúa/Praza/Avda.	ETIQUETA IDENTIFICATIVA			N.º	Esc.	Andar	Porta
	Concello				Provincia	Código Postal		FAX

3 Coef. particip.: %	NIF/DNI	Apelidos e nome			Teléfono			
	Rúa/Praza/Avda.	ETIQUETA IDENTIFICATIVA			N.º	Esc.	Andar	Porta
	Concello				Provincia	Código Postal		FAX

PRESENTADOR	NIF/DNI	Apelidos e nome			FIRMA DO SUXEITO PASIVO OU PRESENTADOR			
	Rúa/Praza/Avda.				N.º	Andar		
	Concello				Provincia	Código Postal		



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**

Dirección Xeral de Tributos

**IMPOSTO SOBRE
TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS
E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS**

MODELO 600 EN EUROS



INSTRUCCIÓN



IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS
PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS
DOCUMENTADOS
DECLARACIÓN EN EUROS

Modelo
600
EUROS

I. CUESTIÓNS XERAIS

¿CÁNDO SE UTILIZARÁ O MODELO 600?

O presente impreso, modelo 600, será de uso para todas as autoliquidacións que se realicen por:

- Transmisións patrimoniais onerosas.
- Operacións societarias.
- Actos xurídicos documentados.

Exceptúase a transmisión de vehículos usados na que se utilizará o modelo 620, o pagamento en metálico do Imposto sobre Actos Xurídicos Documentados que grava os recibos y obrigas de pagamento negociados por entidades de crédito no que se utilizará o modelo 610, e o pagamento en metálico do exceso das letras de cambio superiores a 192.323,87 euros e das expedidas no estranxeiro, que se efectuará no modelo 630.

Usarase un só impreso por cada feito imponible ou ben transmitido.

UTILIZACIÓN DO MODELO 600 EN EUROS

Todas as cantidades expresables en unidades monetarias deberán indicarse en euros, consignando na parte esquerda dos recadros parte enteira e na dereita a parte decimal, redondeándose por exceso ou por defecto ó céntimo máis próximo.

Para a conversión de pesetas a euros tomarase o importe monetario en pesetas e aplicaráselle o tipo de conversión. A contía resultante deberá redondearse por exceso ou por defecto ó céntimo máis próximo. No caso de que ó aplícase o tipo de conversión se obteña unha cantidade da que a súa última cifra sexa exactamente a metade dun céntimo, o redondeo efectuarase á cifra superior.

O tipo de conversión da peseta ó euro quedou fixado irrevogablemente en 166,386 pesetas.

Exemplo de conversión de pesetas a euros:

E1. Importe que se vai converter: 1.584.000 pesetas.

$$1. \text{ Aplicación do tipo de conversión: } \frac{1.584.000 \text{ pesetas}}{166,386 \text{ pesetas}} = 9.520,031733 \text{ euros.}$$

2. Redondeo ó céntimo máis próximo: 9.520,03 euros.

E2. Importe que se vai converter: 3.450.000 pesetas.

$$1. \text{ Aplicación do tipo de conversión: } \frac{3.450.000 \text{ pesetas}}{166,386 \text{ pesetas}} = 20.734,9176 \text{ euros.}$$

2. Redondeo ó céntimo máis próximo: 20.734,92 euros.

INGRESO E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ESIXIDA

Os suxeitos pasivos deberán ingresar o importe da declaración-liquidación nas entidades de depósito que presten o servizo de caixa nas delegacións territoriais da Consellería de Economía e Facenda ou nas oficinas liquidadoras competentes (ve-lo epígrafe LUGAR DE PRESENTACIÓN). Ingresado o importe da autoliquidación, ésta presentárase na oficina xestora acompañada do orixinal e copia simple do documento no que conste ou se relacione o acto ou contrato que orixine o tributo.

Nos supostos nos que a operación, acto ou contrato, estea exenta, non suxeita ou teña algún beneficio fiscal, deberá cubri-lo impreso, incluídos os recadros (3), (8), (12), (13), (18), (19), (21), (22) e (23). Tanto nos supostos de exención como de non suxeición ó imposto, este modelo, debidamente cuberto, presentárase xunto co documento orixinal e a súa copia, na oficina xestora competente, para ós efectos previstos no artigo 107 do regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto 828/1995, do 29 de maio (Boletín Oficial del Estado de 22 de junio).

LUGAR DE PRESENTACIÓN

A declaración-liquidación presentárase na oficina liquidadora competente da comunidade autónoma (ou Delegación da AEAT no caso de Ceuta e Melilla ou cando se trate dunha rehabilitación ou transmisión de grandezas e títulos nobiliarios) á que corresponda o rendemento segundo as seguintes regras que se enumeran pola orde da súa aplicación preferente:

- Sempre que o documento comprenda algún concepto suxeito á cota gradual do gravame de actos xurídicos documentados, documentos notariais, na comunidade autónoma na circunscrición da cal radique o rexistro no que debería procederse á inscrición ou anotación dos bens ou actos.
- Cando o acto ou documento se refira a operacións societarias, na comunidade autónoma na circunscrición da cal radique o domicilio fiscal da entidade.
- Cando o acto ou documento non motive liquidación nin pola cota gradual de actos xurídicos documentados, documentos notariais, nin tampouco pola modalidade de operacións societarias, o lugar de presentación determinarase aplicando as regras que figuran a continuación en función da natureza do acto ou contrato documentado e dos bens a que se refira:
 - Cando o acto ou documento comprenda transmisións ou arrendamentos de bens inmoables, constitución e cesión de dereitos reais, mesmo de garantía, sobre estes, na comunidade autónoma na que radiquen os inmoables. Nos supostos previstos no artigo 108 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores (*Boletín Oficial del Estado* do 29 de xullo), na comunidade autónoma na que radiquen os bens inmoables integrantes do activo da entidade dos que se transmiten os seus valores.
 - Cando comprenda a constitución de hipoteca mobiliaria ou peñor sen desprazamento ou se refira a buques ou aeronaves, na comunidade autónoma na circunscrición da cal radique o rexistro mercantil ou de hipoteca mobiliaria e peñor sen desprazamento en que tales actos deban ser inscritos.

- 3.^a Cando comprenda transmisión de bens mobles, semoventes ou créditos, así como a constitución e cesión de dereitos reais sobre estes, na comunidade autónoma onde o adquirente teña a súa residencia habitual, se é persoa física, ou o seu domicilio fiscal, se é persoa xurídica.
- 4.^a Cando o acto ou documento se refira a transmisión de valores, na comunidade autónoma onde se formalice a operación.
- 5.^a Cando se refira exclusivamente á constitución de préstamos simples, fianzas, arrendamentos non inmobiliarios e pensións, na comunidade autónoma na que o suxeito pasivo teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal, segundo se trate de persoa física ou xurídica.
- 6.^a Cando se trate de documentos relativos a concesións administrativas de bens, execucións de obras ou explotacións de servizos, na comunidade autónoma do territorio onde radiquen, se executen ou se presten estes. Estas mesmas regras serán aplicables cando se trate de actos e negocios administrativos que tributen por equiparación ás concesións administrativas.
- 7.^a Nas anotacións preventivas na comunidade autónoma na circunscrición da cal teña a súa sede o órgano rexistral ante o que se produzan.
- 8.^a Nas letras de cambio e documentos que supran á estas ou realicen función de xiro, así como nas obrigas de pagamento, bonos, obrigas e títulos análogos a que se refire o artigo 33 do Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (*Boletín Oficial del Estado* do 20 de outubro), na comunidade autónoma no territorio da cal teña lugar o seu libramento ou emisión; se o libramento ou emisión tivera lugar no estranxeiro, na comunidade autónoma no territorio da cal o primeiro posuidor ou titular teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal.

Se nun mesmo documento se conteñen actos ou contratos nos que o seu rendemento, segundo as regras anteriores, se considere producido en comunidades autónomas diferentes, procederá a presentación de declaración-liquidación na oficina competente de cada unha delas, se ben a autoliquidación que se formule só se referirá ó rendemento producido no seu respectivo territorio.

Nembargantes, en canto a Lei 14/1996, do 30 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e de medidas fiscais complementarias (*Boletín Oficial del Estado* do 31 de decembro), non sexa aplicable nas comunidades autónomas de Andalucía, Castela-A Mancha e Extremadura, cando de acordo cos criterios que se establecen no artigo 6 da Lei 30/1983, do 28 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas, (*Boletín Oficial del Estado* do 29 de decembro), o rendemento do imposto se considere producido nalgunha das devanditas comunidades, a declaración-liquidación presentarase exclusivamente na oficina competente segundo as seguintes regras (artigos 103 e 104 do Real decreto 828/1995, do 29 de maio, polo que se aproba o regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados):

- a) Sempre que o documento comprenda algún concepto suxeito á cota gradual do gravame de actos xurídicos documentados, será competente a oficina na circunscrición da cal radique o rexistro no que debería procederse á inscrición ou anotación dos bens ou actos de maior valor segundo as regras do imposto sobre o patrimonio
- b) Se non fose aplicable a regra anterior, cando o acto ou documento se refira a operacións societarias será a oficina competente aquela na circunscrición da cal radique o domicilio fiscal da entidade.
- c) En defecto de aplicación das regras anteriores, a oficina competente determinarase aplicando as regras que figuran a continuación en función da natureza do acto ou contrato documentado e dos bens a que se refira:
 - 1.^a Cando o acto ou documento comprenda exclusivamente transmisións e arrendamentos de bens inmobles, constitución e cesión de dereitos reais, mesmo de garantía sobre estes, será a oficina competente a correspondente ó territorio no que radiquen os inmobles. No caso de referirse a varios inmobles sitios en diferentes lugares, será competente a oficina na circunscrición da cal radiquen os inmobles de maior valor segundo as normas do imposto sobre o patrimonio.
 - 2.^a Cando comprenda exclusivamente a constitución de hipoteca mobiliaria ou peñor sen desprazamento ou se refira a buques ou aeronaves, será competente a oficina na circunscrición da cal radique o rexistro mercantil ou de hipoteca mobiliaria e peñor sen desprazamento en que tales actos deban ser inscritos. No caso de referirse a varios bens e dereitos inscribibles en rexistros diferentes, presentarase onde deban inscribirse os de maior valor, aplicando as regras do imposto sobre o patrimonio.
 - 3.^a Cando comprenda exclusivamente transmisións de bens mobles, semoventes ou créditos, así como a constitución e cesión de dereitos reais sobre estes, na correspondente ó territorio onde o adquirente teña a súa residencia habitual se é persoa física ou o seu domicilio fiscal se é persoa xurídica, e se existisen diversos adquirentes con distinta residencia ou domicilio, onde a teña o adquirente de bens e dereitos de maior valor, segundo as regras do imposto sobre o patrimonio.
 - 4.^a Cando o acto ou documento se refira exclusivamente a transmisións de valores, presentarase na oficina correspondente ó territorio onde se formalice a operación.
 - 5.^a Cando se refira exclusivamente á constitución de préstamos simples, fianzas, arrendamentos non inmobiliarios e pensións, na correspondente ó territorio no que o suxeito pasivo teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal, segundo se trate de persoa física ou xurídica.
 - 6.^a Cando se trate de documentos relativos exclusivamente a concesións administrativas de bens, na correspondente ó territorio onde estes radiquen, e na de explotación de servizos, no territorio onde o concesionario teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal, segundo se trate de persoa física ou xurídica. Estas mesmas regras serán aplicables cando se trate de actos e negocios administrativos que tributen por equiparación ás concesións administrativas.
 - 7.^a Cando se trate de anotacións preventivas de embargo, na correspondente ó lugar de expedición.
 - 8.^a Cando pola diversa natureza dos bens ou dos actos ou contratos, resultase aplicable máis dunha regra das enumeradas anteriormente, prevalecerá a competencia da oficina correspondente ó acto ou contrato de maior valor, aplicando as regras do imposto sobre o patrimonio, segundo os diversos casos, ós bens inmobles, ás garantías ou bens inscribibles nos rexistros a que se refire a regra 2.^a, ós mobles transmitidos e dereitos constituídos, ou ós valores adquiridos.
- d) Cando a competencia non poida resolverse consonte as regras anteriores, determinarase polo lugar do outorgamento do correspondente documento.
- e) En ningún caso se recoñecerá a competencia territorial de máis dunha oficina para entender do mesmo documento ou declaración, aínda cando comprenda dous ou máis actos ou contratos suxeitos ó imposto. A oficina competente consonte as regras anteriores liquidará tódolos actos e contratos a que o documento se refira.
- f) Se o documento contivese tamén actos ou contratos suxeitos ó imposto sobre sucesións ou doazóns, a competencia determinarase aplicando as regras deste imposto.
- g) Cando con relación a un documento xa presentado en oficina competente haxa que realizar outras apreciacións, deberán efectuarse nesta.

h) Os documentos ou declaracións relativos a extinción de usufructos ou os que teñan por obxecto facer consta-lo cumprimento de condicións presentaranse na mesma oficina que coñecese dos actos ou documentos en que se constituíron ou estableceron.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para a presentación das declaracións-liquidacións, xunto cos documentos, será de 30 días hábiles seguintes a aquel no que se cause o acto ou contrato.

Cando se trate de documentos xudiciais entenderase causado o acto ou contrato na data de firmeza da correspondente resolución xudicial.

II. NORMAS PARA CUBRI-LO MODELO

Cúbrase a máquina ou utilizando bolígrafo, sobre superficie dura e con letras maiúsculas.

- Consigne a oficina liquidadora de distrito hipotecarios ou delegación da Consellería de Economía e Facenda así como o seu código, na que se presente o documento.
- Suxeito pasivo. Se dispón de etiquetas identificativas adhira unha no espazo reservado para o efecto en cada un dos exemplares. Se non dispón de etiquetas, cubra os datos de identificación do suxeito pasivo e xunte fotocopia do NIF ou do DNI. Se existe máis dun deberá indica-lo seu número no recadro (6) e cubri-la folla ANEXA.

Será suxeito pasivo:

Nas transmisións patrimoniais onerosas:

Operacións	Suxeito pasivo
Transmisións de bens e dereitos	Adquirente
Expedientes de dominio, actas de notoriedade, actas complementarias de documentos públicos e certificacións do artigo 206 da Lei hipotecaria	Persona que os promova
Recoñecementos de dominio	Persoa a favor da cal se constituía
Constitución de dereitos reais	Persoa a favor da cal se efectúe
Constitución de préstamos	Prestameiro
Constitución de fianzas	Acreedor afianzado
Constitución de arrendamentos	Arrendatario
Constitución de pensións	Pensionista
Constitución de concesións administrativas	Concesionario
Actos e contratos equiparados á concesión	Beneficiario

Nas Operaciones Societarias:

Na constitución, aumento de capital, fusión, escisión, traslado de sede de enderezo efectivo ou domicilio social e contribucións dos socios para repoñer perdas será suxeito pasivo a sociedade. Na disolución de sociedades e redución de capital social, os socios, copropietarios, comuneiros ou partícipes polos bens e dereitos recibidos.

Nos actos xurídicos documentados, documentos notariais:

Como regra xeral, será suxeito pasivo o adquirente do ben ou dereito. No seu defecto, a condición recae na persoa que solicite o documento, ou aquela no interese da cal se expida.

Nos actos xurídicos documentados, documentos administrativos:

Nas grandezas e títulos nobiliarios, os seus beneficiarios. Nas anotacións, a persoa que as solicite.

Nos actos xurídicos documentados, documentos mercantís:

Serán suxeitos pasivos do tributo que grave os documentos de xiro ou substitutivos das letras de cambio, así como dos xustificantes de depósito e obrigas de pagamento, bonos e obrigas e títulos análogos emitidos en serie, as persoas ou entidades que os expidan.

(3) Indicarase a clave do concepto consonte o seguinte cadro:

	CONCEPTO	CLAVE	TIPO
TRANSMISIONS PATRIMONIAIS	Transmisións e dereitos reais s/ inmobles urbanos:		
	– Soares	TU0	7
	– Vivendas	TU1	7
	– Locais e outras edificacións	TU2	7
	– Expedientes de dominio, actas de notoriedade, actas complementarias e certificados de dominio	TU3	7
	Transmisión de Vivendas de protección oficial	TP0	7
	Transmisións e dereitos reais s/ inmobles rústicos:		
	– Secano	TR0	7
	– Regadío	TR1	7
	– Outros inmobles rústicos	TR2	7
	– Expedientes de dominio, actas de notoriedade, actas complementarias e certificados de dominio	TR3	7
	Dereito de aproveitamento por quenda de bens inmobles de uso turístico	TQ0	4
	Transmisión de inmobles rústicos e urbanos en poxa xudicial, administrativa ou notarial	TS0	7
	Transmisiones e dereitos reais s/ mobles excepto automóviles e valores mobiliarios	TM0	4
	Concesiones administrativas e outros conceptos	CA0	4

	CONCEPTO	CLAVE	TIPO
TRANSMISIONS PATRIMONIAIS	Dereitos reais de garantía	DG0	1
	Pensións	PN0	1
	Pensións a cambio de cesión de bens	PN1	1
	Fianzas	FZ0	1
	Préstamos e Obrigas	PO0	1
	Arrendamentos Predios Urbanos	AU0	Escala
	Arrendamentos Predios Rústicos	AR0	Escala
	Transmisión de accións, dereitos de subscripción, obrigas e títulos análogos	AD0	Escala
	Transmisión de valores e dereitos de subscripción recollidos no art. 108 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do Mercado de Valores e no art. 1.º do Real decreto-lei 1/1989, do 22 de marzo, polo que se regula o tratamento tributario dos dereitos de subscripción e das letras do Tesoro para non residentes	TV0	7
	OPERACIONES SOCIETARIAS	Sociedades Anónimas:	
- Constitución		SX0	1
- Aumento de capital		SX1	1
- Disolución		SX2	1
- Diminución de capital		SX3	1
- Fusión		SX5	1
- Traslado a España da sede ou domicilio social (art. 19 del TR do ITP y AXD)		SX6	1
- Escisión		SX7	1
- Contribucións de socios por perdas sociais		SX8	1
Sociedades non anónimas:			
- Constitución		SO0	1
- Aumento de capital		SO1	1
- Disolución		SO2	1
- Diminución de capital		SO3	1
- Fusión		SO5	1
- Traslado a España da sede ou domicilio social (art. 19 del TR do ITP e AJD)		SO6	1
- Escisión	SO7	1	
- Contribucións de socios por perdas sociais	SO8	1	
ACTOS JURIDICOS DOCUMENTADOS	Documentos notariais:		
	- Segregación	DN0	1
	- Agrupación	DN1	1
	- Declaración de obra nova	DN2	1
	- División Horizontal	DN3	1
	- Entregas suxeitas o IVE	DN4	1
	- Entregas suxeitas o IVE por renuncia á exención	RN4	2
	- Outros documentos notariais	DN5	1
	- Préstamos hipotecarios outorgados por entidades financeiras	DN6	1
	- Préstamos hipotecarios para a primeira adquisición de vivenda habitual	DN7	0,75
	- Primeira adquisición de vivenda habitual	DN8	0,75
	Anotacións preventivas	AP0	0,5
	GRANDEZAS E TÍTULOS		
	Títulos con Grandeza:		
	- Transmisión Directa	TG1	2.181,67
	- Transmisión Transversal	TG2	5.439,16
	- Rehabilitación e recoñecemento de títulos estranxeiros	TG3	13.041,96
	Grandeza sen títulos:		
	- Transmisión Directa	GS1	1.550,61
	- Transmisión Transversal	GS2	3.888,55
- Rehabilitación e recoñecemento de títulos estranxeiros	GS3	9.309,68	
Títulos sen Grandeza:			
- Transmisión Directa	TS1	619,04	
- Transmisión Transversal	TS2	1.550,61	
- Rehabilitación e recoñecemento de títulos estranxeiros	TS3	3.732,29	

ESCALA PARA A DETERMINACIÓN DA DÉBEDA TRIBUTARIA NOS ARRENDAMENTOS

Tramos Euros	Euros
Hata 30,05 euros	0,09
De 30,06 a 60,10	0,18
De 60,11 a 120,20	0,39
De 120,21 a 240,40	0,78
De 240,41 a 480,81	1,68
De 480,82 a 961,62	3,37
De 961,63 a 1.923,24	7,21
De 1.923,25 a 3.846,48	14,42
De 3.846,49 a 7.692,95	30,77
De 7.692,96 en adiante	0,024040 euros por cada 6,01 ou fracción

- (4) Nas transmisións patrimoniais farase consta-la data na que se realizou o acto ou contrato gravado. Nas operacións societarias e actos xurídicos documentados farase consta-la data na que se formalizou o acto suxeito a gravame. Para iso, utilizaranse dous díxitos para o día, dous para o mes e os catro últimos para o ano.
- (5) Transmitente. Se dispón de etiquetas identificativas adhira unha no espazo reservado para o efecto en cada un dos exemplares. Se non dispón de etiquetas cubra os datos de identificación do transmitente e xunte fotocopia do NIF ou do DNI. Se existe máis dun deberá indicalo seu número no recadro (7) e cubri-la folla ANEXA.
- (8) Marque cun «X» o recadro que corresponda ó carácter notarial, mercantil, xudicial, administrativo ou privado do documento.
- (9), (10) y (11) Indíquense os apelidos e nome do notario ou feudatario, ou ben a autoridade xudicial ou administrativa correspondente. Así mesmo, indique a localidade de outorgamento ou formalización e, tratándose de documento notarial, o número de protocolo.
- (12) Indicarase o concepto que figura no cadro ó que se refire o recadro (3).
- (13) Cando sexa necesario ampliarase brevemente a información sobre a natureza da transmisión, acto documentado ou operación societaria. Por exemplo, en materia de dereitos reais, préstamos, fianzas, arrendamentos, etc.; indicarase se se trata de constitución, prórroga, modificación, etc.
- (14) Tratándose de operación cun ben inmovible, marque cun «X» o recadro que corresponda á natureza urbana ou rústica deste.
- (15) y (16) No suposto de bens inmoables, indicarase a referencia catastral e o valor catastral en euros que figura (ou o resultado da conversión a esta moeda) no último recibo pagado do imposto sobre bens inmoables. No defecto deste, en certificado ou outro documento expedido polo xerente do catastro ou escritura pública ou información rexistral.
- (17) Nos casos de transmisión, se é finca urbana, indíquese a superficie construída en metros cadrados. Se se trata de predio rústico, a superficie en hectárea, áreas e centiáreas.
- (18) Indique a situación do predio.
- (19) Consigne o valor en euros que figura no documento.

LIQUIDACIÓN

- (20) Consignarase o valor real en euros do ben transmitido ou do dereito que se constituía ou ceda.
- (21) Marque cun «X» o recadro de «EXENTO» ou «NON SUXEITO» que, de se-lo caso, proceda.
- (22) Indique en que punto e subpunto do artigo 45 do Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba a Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, se fundamenta o beneficio fiscal da redución, bonificación, exención ou non suxeición. Cando o devandito beneficio fiscal estea fundamentado en calquera outra norma, especifique esta así como o precepto concreto no que se atopa recollido.
- (23) Se a liquidación é complementaria doutra xa presentada deberá marcar cun «X» o recadro correspondente e indica-lo número da primeira liquidación, a data da súa presentación e o importe ingresado.
- [1] Consignarase o valor real do ben transmitido ou do dereito que se constituía ou ceda. Unicamente serán deducibles as cargas que diminúan o valor real dos bens, pero non as débedas aínda que estean garantidas con peñor ou hipoteca (artigo 10, 13 e seguintes do texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro).
- No ámbito do artigo 25 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías do contribuínte, se desexa coñecer cal é o valor real dos bens inmoables obxecto de transmisión (no caso de vivendas en edificio colectivo, graxes, trasteiros e chalés adosado) pode consultar na oficina xestora que lle corresponda os coeficientes por municipio que se aplican sobre o valor catastral para calcula-lo dito valor real.
- A Administración poderá, en todo caso, comproba-lo valor real dos bens e dereitos transmitidos ou, de se-lo caso, da operación societaria ou do acto xurídico documentado (artigo 46 do texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro).
- [2] Indicarase a porcentaxe de redución que, de se-lo caso, corresponda aplicar sobre a base imponible. No recadro (22) deberá indicarse en que punto e subpunto do artigo 45 do Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba a Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, se fundamenta o beneficio fiscal da redución. Cando o devandito beneficio fiscal estea fundamentado en calquera outra norma, especifique esta así como o precepto concreto no que se atopa recollido.
- [3] Consignarase o resultado de aplica-la porcentaxe do recadro [2] ó importe indicado no recadro [1].
- [4] Consignarase o resultado da diferenza entre o recadro [1] e o recadro [3].
- [5] Consignarase o tipo que corresponde a cada operación ou acto, agás cando tribute mediante unha escala ou unha cantidade fixa, neste caso deixarase en branco este recadro.
- [6] A cota virá determinada:
- polo resultado de aplicarlle ó recadro [4] a porcentaxe que figure no recadro [5].
 - pola contía que resulte de aplica-la escala nos supostos de arrendamentos de predios urbanos ou transmisión de accións, dereitos de subscripción, obrigas ou títulos análogos, ou
 - polo importe establecido para cada acto.

[7] Consigne a porcentaxe de bonificación, de se-lo caso.

No recadro (22) deberá indicarse en que punto e subpunto do artigo 45 do Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba a Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, se fundamenta o beneficio fiscal da bonificación. Cando o devandito beneficio fiscal estea fundamentado en calquera outra norma, especifique esta así como o precepto concreto no que se atopa recollido.

[8] Consignarase o resultado de aplicarlle ó recadro [6] a porcentaxe que figure no recadro [7].

[9] Indicarase a diferenza entre o recadro [6] e o recadro [8].

[10] y [11] Recadros dispoñibles. Se a declaración que está cubrindo é complementaria doutra indicarse no recadro [10] o importe ingresado da primeira declaración e diante desta «1.ª declaración». Tamén poderase consignar nelas a recarga que se prevé no artigo 61.3 da Lei xeral tributaria para o caso de declaración extemporánea ou os xuros de demora.

[12] Total a ingresar. Consígnese o indicado no recadro [9], agás que se utilizasen os recadros [10] ou [11], neste caso reflectirase o resultado de sumar ou restar, segundo proceda, ó importe daquela ou destas.

[I] Importe ingresado. Consignarase o importe efectivamente ingresado.

(24) Presentador do documento. Se dispón de etiquetas identificativas adhira unha no espazo reservado para o efecto en cada un dos exemplares. Se non dispón de etiquetas, cubra os datos de identificación do presentador e xunte fotocopia do NIF ou do DNI

DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS E RECTIFICACIÓN DE AUTOLIQUIDACIÓNS

Consonte o establecido no artigo 8 e na disposición adicional terceira do Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria (*Boletín Oficial del Estado* do 25 de setembro), cando un obrigado tributario entenda que unha declaración-liquidación ou autoliquidación formulada por el deu lugar á realización dun ingreso indebido, ou prexudicou de calquera modo os seus intereses lexítimos, poderá insta-la restitución do indebidamente ingresado, ou a rectificación da autoliquidación, respectivamente, ante o órgano definido no epígrafe LUGAR DE PRESENTACIÓN. As solicitudes poderán facerse unha vez presentada a correspondente autoliquidación e antes de ter realizado a Administración a liquidación definitiva ou, no seu defecto, de ter prescrito o dereito da Administración para determina-la débeda tributaria mediante a oportuna liquidación como, de se-lo caso, o dereito á devolución do ingreso indebido.

ANEXO

No suposto de existir varios suxeitos pasivos ou varios transmitentes, deberá cubri-lo anexo da declaración-liquidación.

Deberá consigna-lo coeficiente de participante. Se dispón de etiquetas identificativas debe adhirilas no espazo reservado para o efecto en cada un dos exemplares. Se non dispón de etiquetas cubra os datos de identificación dos suxeitos pasivos e/ou transmitentes e xunte fotocopia do NIF ou do DNI. A relación iniciarase co suxeito pasivo e transmitente que figuran nos epígrafes 2 e 5 do impreso.

Por último, deberá cubri-los datos identificativos do presentador do documento.

Unha vez realizado o ingreso, o interesado deberá presentar na oficina xestora o documento orixinal coa súa copia e os exemplares da declaración-liquidación que lle devolva a caixa.

CAUSANTE

Espacio reservado para a etiqueta identificativa
(No caso de que non dispoña de etiqueta cumprimente os datos solicitados)

NIF _____ APELIDOS E NOME _____

DOMICILIO FISCAL _____

_____ RUA O PRAZA _____ NÚMERO _____

_____ CONCELLO _____ CÓDIGO POSTAL _____ PROVINCIA _____



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA
 Dirección Xeral de Tributos

MODELO 600 €

IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS

DELEGACIÓN DA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

--	--	--	--	--

OFICINA LIQUIDADORA DE DISTRITO HIPOTECARIO

--	--	--	--	--

NON SE ESQUEZA DE INCLUI-LA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- a) Fotocopia do NIF do suxeito pasivo e transmitente (no seu defecto do DNI).
- b) Copia auténtica do documento notarial, xudicial ou administrativo no que conste o acto ou contrato gravado e copia simple deste. No caso de que se trate de documentos privados, estes presentaranse por duplicado (orixinal e copia).
- c) Modelo 600.
- d) Se o documento contén bens inmoables, copia do último recibo do pagamento de Imposto sobre Bens Inmoables, ou en defecto do anterior, certificado do xerente do Catastro que acredite o valor catastral.